# CIENCIAS SOCIAIS 4º EP

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | MÍNIMOS DE CONSECUCIÓN |
|---|---|
| Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados. | Identifica os elementos que determinan o tempo atmosférico, coñece os instrumentos meteorolóxicos para medir os diferentes elementos do tempo atmosférico.<br><br>Identifica e entende que é a hidrosfera e como se distribúe na superficie terrestre e diferencia entre auga doce e salgada. |
| Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen. | Relaciona, analiza e interpreta o ciclo da auga e recoñece a utilidade do pronóstico do tempo en diversas actividades cotiás.<br><br>Relaciona, coñece e identifica as partes dun río, o curso dun río, os ríos de España e Galicia. Relaciona e coñece as formas de transformación do relevo terrestre, forzas internas e externas e os elementos do relevo da Terra e do relevo de España. |
| Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana. | Identifica diferentes problemáticas ecosociais e participa na conservación e mellora da contorna favorecendo o desenvolvemento sustentable, coñecendo a utilidade das rochas e minerais para evitar que se esgoten e buscar alternativas. |
| Coñecer os principais órganos de goberno e funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática. | Identifica as principais institucións de Galicia e do Estado español e explica as súas funcións de xeito sinxelo, coñece os órganos de goberno municipal e autonómico. |
| Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta. | Distingue os principais sinais de tráfico, iniciándose na educación viaria e coñece os servizos públicos básicos e algunhas das súas funcións. |
| Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo. | Coñece as características básicas das migracións na actualidade aceptando a diversidade cultural, recoñece os cambio que se producen na poboación, identifica as formas de clasificación e de distribución da poboación española. |
| Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia. | Valora positivamente as relacións que hai entre os sectores económicos do país e as accións que fomentan a igualdade de xénero e as conductas non sexistas. |

| | |
|---|---|
| Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión. | Identifica os feitos fundamentais da Prehistoria e Idade Antiga de Galicia e España. |

**-CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN.**-A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias,o logro dos obxectivos de etapa e os criterios de avaliación.No caso de alumnado con adaptación curricular,os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.
No tocante á calificación dos trimestres ,a nota extraerase da media obtida entre as calificacións das unidades didácticas que compoñen o trimestre.Quedando establecida a nota do trimestre así: 60% a valoración dos contidos e competencias adquiridas e desenvolvidas e 40% a realización do traballo na aula,as tarefas na casa as actitudes e esforzo na aula.Para obter a nota final a 1ª avaliación terá un peso do 30% e a 2ª e 3ª avaliación un peso dun 35% cada unha.
-Para calificar cada unidade didáctica,empregaremos instrumentos de avaliación como probas escritas/orais,rexistros de observación directa,realización e exposicións de traballos,rexistros de actividades de clase,rexistro de entrega de traballos no tempo e forma…

**MATEMÁTICAS 4º EP**

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | MÍNIMOS DE CONSECUCIÓN |
|---|---|
| Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada. | Proporciona exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas utilizando estratexias de lectura, representación, composición, descomposición e aproximación de números ata 99.999 con recursos manipulativos e gráficos. |
| Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida. | Obtén posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando a estratexia da xerarquía das operacións combinadas e obtendo estimacións das solución.<br><br>Obtén posibles solucións a problemas de cálculo del perímetro de triángulos, cuadriláteros e paralelogramos de forma guiada e recoñece o trazado e a clasificación destes polígonos.<br><br>Obtén posibles solucións a problemas, de forma guiada, describindo os elementos e as propiedades das figuras xeométricas en tres dimensións, aplicando estratexias básicas de resolución e recoñecendo a súa presencia en diferentes contextos.<br><br>Obtén posibles solucións a problemas, utilizando as sumas e restas de números decimais, aplicando estratexias básicas de resolución, dando razón das operacións utilizadas.<br><br>Obtén posibles solucións a problemas de tempo e de diñeiro aplicando estratexias de resolución, utilizando as unidades de tempo e de diñeiro en situacións reais. Le e representa horas en diferentes tipos de reloxos e transforma unhas unidades noutras.<br><br>Obtén posibles solucións a problemas nos que |

| | |
|---|---|
| | aperezan unidades de lonxitude, de capacidade e masa valorando en que unidade convén facer operacións, aplicando estratexias básicas de resolución. |
| Demostrar a corrección matemática das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto. | Describe verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente expostas e expresa por escrito as operacións de suma, resta, multiplicación e división, así como as súas propiedades en situacións da vida cotiá. |
| Interpretar situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá. | Recoñece traza e clasifica ángulos presentes en contextos diversos da vida cotiá e mide co transportador diversos ángulos.<br><br>Recoñece a presencia na realidade da vida cotiá das unidades decimais e dos números decimais, entendendo o seu significado . Le, escribe, representa e descompón os números decimais e é capaz de comparalos e ordenalos en contextos reais. |
| Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios. | Realiza operacións simples de suma, resta, multiplicación e división (con dous números no divisor) de números naturais útiles para resolver situacións contextualizadas e resolve problemas nos que haxa que realizar varias operacións aplicando coñecementos e experiencias propios.<br><br>Recoñece conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios sobre as fraccións, podéndoas comparar coa unidade . |
| Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada. | Emprega algunhas estratexias de suma, resta, multiplicación ou división adecuadas na resolución de problemas de forma pautada. |
| Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos. | Explica a utilización da propiedade da división en distintos contextos, explica os pasos seguidos na resolución dun problema e determina preguntas que se poidan resolver con varias operacións a partir dun enunciado, tanto de forma oral como escrita. |
| Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe. | Recoñece a linguaxe matemática referente ás unidades de tempo e aplica as equivalencias entre as moedas e os billetes en situacións da vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico e calculando as estimacións de cantidades referidas ao diñeiro.<br><br>Recoñece e utiliza a linguaxe matemática referida á lonxitude, identificando as unidades maiores e menores que o metro, utilizando a súa abreviatura e pasando dunhas unidades a outras , adquirindo un vocabulario específico básico. |

**-CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN.**-A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias,o logro dos obxectivos de etapa e os criterios de avaliación.No caso de alumnado con adaptación curricular,os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.
No tocante á calificación dos trimestres ,a nota extraerase da media obtida entre as calificacións das unidades didácticas que compoñen o trimestre.Quedando establecida a nota do trimestre así: 60% a valoración dos contidos e competencias adquiridas e desenvolvidas e 40% a realización do traballo na aula,as tarefas na casa as actitudes e esforzo na aula.Para obter a nota final a 1ª avaliación terá un peso do 30% e a 2ª e 3ª avaliación un peso dun 35% cada unha.
-Para calificar cada unidade didáctica,empregaremos instrumentos de avaliación como probas escritas/orais,rexistros de observación directa,realización e exposicións de traballos,rexistros de actividades de clase,rexistro de entrega de traballos no tempo e forma…

## PROXECTO COMPETENCIAL 4º EP

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | MÍNIMOS DE CONSECUCIÓN |
|---|---|
| Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. | Recoñece a importancia de coñecer a obra do autor a traballar. |
| Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. | Executa as actuacións planificadas. |
| Empregar unha linguaxe verbal e corporal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Emprega unha linguaxe verbal e corporal con corrección e claridade. |

**-CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN.**
-A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias,o logro dos obxectivos de etapa e os criterios de avaliación.No caso de alumnado con adaptación curricular,os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á calificación dos trimestres ,a nota extraerase da media obtida entre as calificacións das unidades didácticas que compoñen o trimestre.Quedando establecida a nota do trimestre así: 70% a valoración da exposición do traballo individual e en grupo,20% orde ,limpeza e coidado dos traballos realizados e traballo diario e 10%participación activa nas rutinas respecto ás normas de convivencia e actitude .Para obter a nota final a 1ª avaliación terá un peso do 30% e a 2ª e 3ª avaliación un peso dun 35% cada unha.

-Para calificar cada unidade didáctica,empregaremos instrumentos de avaliación como probas escritas/orais,rexistros de observación directa,realización e exposicións de traballos,rexistros de actividades de clase,rexistro de entrega de traballos no tempo e forma…

**CIENCIAS DA NATUREZA 4ºEP**

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | MÍNIMOS DE CONSECUCIÓN |
|---|---|
| CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural. | -Busca e seleccionar información básica para as súas investigacións. |
| CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais. | -Coñece os aparellos e órganos do corpo.<br>-Identificar os aparellos e órganos do corpo implicados na función de nutrición.<br>-Identificar os aparellos e órganos do corpo implicados na función de relación. |
| CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene, o uso adecuado das novas tecnoloxías e a prevención de accidentes e enfermidades. | -Coñece e adopta hábitos de vida saudables para previr enfermidades relacionadas coa función de nutrición e a alimentación. |
| CA3.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades¿dos elementos do¿medio natural a través de metodoloxías de indagación¿utilizando as ferramentas e procesos adecuados. | -Identifica as propiedades, características e organización da materia e dos materiais. |
| CA3.3 - Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas e pequenas investigacións con máquinas e aparellos. | -Analiza e coñecer os efectos das forzas a través de investigacións e experiencias sinxelas con máquinas simples. |
| CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia. | -Participa en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia. |

**-CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN.**-A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias,o logro dos obxectivos de etapa e os criterios de avaliación.No caso de alumnado con adaptación curricular,os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á calificación dos trimestres ,a nota extraerase da media obtida entre as calificacións das unidades didácticas que compoñen o trimestre.Quedando establecida a nota do trimestre así: 60% a valoración dos contidos e competencias adquiridas e desenvolvidas e 40% a realización do traballo na aula,as tarefas na casa as actitudes e esforzo na aula.Para obter a nota final a 1ª avaliación terá un peso do 30% e a 2ª e 3ª avaliación un peso dun 35% cada unha.

-Para calificar cada unidade didáctica,empregaremos instrumentos de avaliación como probas escritas/orais,rexistros de observación directa,realización e exposicións de

traballos,rexistros de actividades de clase,rexistro de entrega de traballos no tempo e forma…

**LINGUA CASTELÁ E LITERATURA**

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | MÍNIMOS DE CONSECUCIÓN |
|---|---|
| CA1.2 - Identificar, con certa autonomía e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, achegando alternativas e recoñecendo a pluralidade lingüística da súa contorna como unha fonte de riqueza cultural. | Emprega as dúas linguas oficiais. |
| CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais. | Escoita un texto e extrae a idea principal. |
| CA2.3 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e repreguntar. | Comprende e resposta correctamente de xeito oral.<br>E quen de decodificar a linguaxe. |
| CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, ampliando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz. | Comprende textos e resposta por escrito correctamente ao que se lle pregunta. Le un texto instructivo e responde preguntas de comprensión.<br>Identifica o substantivo e as súas clases. |
| CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e a información relevante. | Realiza unha descrición utilizando variedade de adxectivos. |
| CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora, e o gusto pola lectura. | Le coa velocidade lectora propia do seu nivel e comprende o texto. |
| CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar. | Le en voz alta entonando ben un conto e responde preguntas de comprensión. |
| CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso de | Recoñece o substantivo e as súas clases.<br>Acentúa agudas,graves e esdrúxulas.<br><br>Emprega e identifica antónimos.Identifica determinantes posesivos,numerais e indefinidos. |

| | |
|---|---|
| produción ou comprensión de textos en contextos significativos. | |
| CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz. | Recoñece e localiza os substantivos.<br>Recoñece palabras simples e compostas.<br>Recoñece e localiza os adxectivos. Recoñece sinónimos.<br>Usa con corrección o punto,o punto e coma,a coma e as maiúsculas.<br>Identifica os pronomes persoais.<br>Recoñece os verbos e as formas verbais.<br>Emprega correctamente as palabras con mb e mp e r e rr.<br>Produce textos empregando os coñecementos sobre gramática e ortografía.Palabras con c/q e palabras con c/z.<br>Incorpora o novo vocabulario.Identifica suxeito e predicado.<br>Escribe axeitadamente palabras rematadas en -d e -z. |
| CA6.6 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos. | Recoñece e emprega novo vocabulario como palabras derivadas. |

**-CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN.**-A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias,o logro dos obxectivos de etapa e os criterios de avaliación.No caso de alumnado con adaptación curricular,os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á calificación dos trimestres ,a nota extraerase da media  obtida entre as calificacións das unidades didácticas que compoñen o trimestre.Quedando establecida a nota do trimestre así: 60% a valoración dos contidos e competencias adquiridas e desenvolvidas e 40%  a realización do traballo na aula,as tarefas na casa  as actitudes e esforzo na aula.Para obter a nota final a 1ª avaliación terá un peso do 30% e a 2ª e 3ª avaliación un peso dun 35% cada unha.

-Para calificar cada unidade didáctica,empregaremos instrumentos de avaliación como probas escritas/orais,rexistros de observación directa,realización e exposicións de traballos,rexistros de actividades de clase,rexistro de entrega de traballos no tempo e forma…

## LINGUA GALEGA E LITERATURA

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | MÍNIMOS DE CONSECUCIÓN |
|---|---|
| CA1.1 - Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha aproximación ás linguas de signos, identificando algunhas expresións de uso cotiá. | Mostra respecto pola lingua que empregan os seus compañeiros/as.<br>Identifica a lingua empregada. |
| CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, progresando na adquisición de vocabulario. | Preséntase e presenta aos demáis axeitadamente. |
| CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita. | Le e extrae a idea dun texto escrito adecuado ao nivel.<br>Le, comprende e responde preguntas sobre un texto dado. |
| CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. | Recoñece os verbos,os tipos de oracións e as súas clases. |
| CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais para facilitar a comprensión da información relevante. | Escribe un texto sinxelo integrando recursos gráficos. |
| CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus intereses, fomentando o gusto pola lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada. | Le un conto en prosa e outro en verso identificando diferenzas formais.<br>Velocidade lectora adecuada ao 4º curso de primaria. |
| CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. | Recoñece palabras agudas, graves e esdrúxulas.<br>Acentúa correctamente palabras agudas, graves e esdrúxulas.<br>Separa correctamente en sílabas as palabras dadas.<br>Emprega os verbos en concordancia co substantivo.<br>Recoñece palabras primitivas e derivadas. |

| | |
|---|---|
| | Relaciona adxectivos co substantivo correspondente, atendendo ao xénero e número.<br>Relaciona adxectivos co substantivo correspondente, atendendo ao xénero e número.<br>Recoñece os artigos dentro dun texto.<br>Clasifica os artigos en determinados e indeterminados.<br>Recoñece e localiza os verbos e adxectivos.. |
| CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz. | Recoñece e localiza demostrativos e indefinidos.<br>Identifica suxeito e predicado. |
| CA6.6 - Sistematizar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos. | Recoñece e emprega novo vocabulario presentado nos textos traballados. |

**-CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN.**-A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias,o logro dos obxectivos de etapa e os criterios de avaliación.No caso de alumnado con adaptación curricular,os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á calificación dos trimestres ,a nota extraerase da media obtida entre as calificacións das unidades didácticas que compoñen o trimestre.Quedando establecida a nota do trimestre así: 60% a valoración dos contidos e competencias adquiridas e desenvolvidas e 40% a realización do traballo na aula,as tarefas na casa as actitudes e esforzo na aula.Para obter a nota final a 1ª avaliación terá un peso do 30% e a 2ª e 3ª avaliación un peso dun 35% cada unha.

-Para calificar cada unidade didáctica,empregaremos instrumentos de avaliación como probas escritas/orais,rexistros de observación directa,realización e exposicións de traballos,rexistros de actividades de clase,rexistro de entrega de traballos no tempo e forma…

## EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

| | |
|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Emprega a liña con intencionalidade para representar personaxes reais ou imaxinarias. |
| CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo | Coñece, lembra e describe, empregando un vocabulario axeitado, os datos máis relevantes da vida e obra de varios pintores. |

| | |
|---|---|
| relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, e empregando o vocabulario específico básico destas. | |
| CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas. | Escolle con intencionalidade cores cálidas ou frías para representar un entorno determinado. |
| CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Valora as obras de arte nas súas diversas manifestacións.<br>Elabora bosquexos e deseños para axustar o proceso de creación individual ou en grupo, e presenta os traballos con orde e limpeza. |
| CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade | Deseña creacións inspiradas nas distintas correntes pictóricas. |

**-CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN.**

A totalidade dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación directa.Importante son a actitude ,o esforzo ,a limpeza e o compoñente cultural xa que a materia é impartida en inglés.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

-1º trim.: UD1 60% + UD4 40%

-2º trim.: UD2 60% + UD4 40%

-3º trim: UD3 60% +UD4   40%

A nota final obterase da media dos trimestres:1º trimestre 30% e 2º e3º trimestre 35%.

## TÁBOA DE CRITERIOS E MÍNIMOS DE CONSECUCIÓN DE EDUCACIÓN FÍSICA 4º

| EDUCACIÓN FÍSICA | |
|---|---|
| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **MÍNIMO DE CONSECUCIÓN** |
| CA1.1. Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo. | + Entender que a actividade física practicada de manerira regular reporta diferentes beneficios para a mellora xeral da saúde. |
| CA1.2. Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás. | + Realizar de maneira guiada e dirixida un quecemento previo á actividade física, correxir posturas inadecuadas cando se indique durante o transcurso da mesma, aplicar medidas básicas de hixiene corporal á súa conclusión e diferenciar entre alimentos saudables e outros que non o son. |
| CA2.2. Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material, así como dos espazos e instalacións, no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto. | + Adoptar medidas básicas de prevención de lesións conservando e mantendo axeitadamente os materiais e espazos de traballo empregados e coñecer o modo de actuar ante un accidente acontecido no contexto de clase. |
| CA3.4. Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade. | + Reproducir coreografías sinxelas, individualmente ou en pequeño grupo, e empregar os recursos expresivos do corpo para transmitir sentimentos, emocións ou ideas. |
| CA3.5. Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental. | + Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos, adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación dos mesmos. |
| CA4.3. Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia. | + Participar en actividades motrices diversas, facendo uso de habilidades sociais de axuda, cooperación e inclusión nas mesmas, empregando o diálogo para a resolución de conflitos así como unha actitude de rexeitamento cara calquera forma de discriminación e violencia que poida xurdir no contexto da clase. |
| CA4.4. Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar. | + Coñecer diferentes ligas e campionatos deportivos, tanto masculinos, femininos como mixtos, rexeitando comportamentos contrarios ás normas de convivencia que poidan producirse durante a súa celebración. |
| CA5.3. Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutros procedentes de diversas culturas, | + Participar activamente en xogos motores e actividades artístico-expresivas vinculadas á cultura propia ou a outras culturas, valorando a súa importancia a nivel cultural e social. |

| | |
|---|---|
| contextualizando a súa orixe, a súa aparición e a súa transmisión ao longo do tempo e valorando a súa importancia, repercusión e influencia nas sociedades pasadas e presentes. | |
| CA6.3. Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles. | + Mellorar progresivamente no control e dominio corporal dos diferentes componentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en diferentes situación e contextos. |

| CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DO NIVEL (4º PRIMARIA) | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | **1ª Aval parcial** | **2ª Aval parcial** | **3ª Aval Parcial** | **Av Final Ordinaria** |
| **EDUCACIÓN FÍSICA** | **40%** | **35%** | **25%** | Será a media ponderada das 3 avaliacións |

Considérase que o alumno/a ten avaliación positiva:

**Trimestral:** se a súa cualificación é igual ou superior a 5.

**Final:** Será a media ponderada das 3 avaliacións.

| EDUCACIÓN FÍSICA | | |
|---|---|---|
| Procedementos de avaliación | Instrumentos de avaliación | Porcentaxes |
| Análise das producións do alumnado | Producións motrices | 40% |
| Observación sistemática | Escalas de observación | 20% |
| | Listas de control | 20% |
| | Registro anecdótico | 20% |

**MÚSICA 4º EP**

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | MÍNIMOS DE CONSECUCIÓN |
|---|---|
| CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical. | Identifica visualmente e representa: branca, negra (e os seus silencios), dobre corchea; barras divisoria, final e repetición; clave sol, comp. 2/4 e 3/4 . |
| CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Escoita de forma atenta e silenciosa mentras participa nas audicións de calquer tipo, fóra e dentro do centro. |
| CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes. | Interpreta combinacións rítmicas de 10 pulsos, con grafías non convencionais, de sons: fortes e pianos, outras de longos e curtos; outras de agudos e graves e outras de cresc. e dimin. |
| CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Participa na interpretación grupal de cancións asumindo responsabilidades e repectando as aportacións dos demáis e á persoa que asume a dirección. |
| CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas valorando, especialmente, as referentes ao folclore tradicional. |
| CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Baila en parella os pasos da coreografía traballada no trimestre.<br>Conta en alto os pasos mentres os executa (binario ou ternario, segundo a peza seleccionada), acentuando claramente coa voz o 1. |

| **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN** | | | |
|---|---|---|---|
| 1ª Avaliación | 2ª Avaliación | 3ª Avaliación | Avaliación final |
| 25% | 35% | 40% | Media ponderada das tres avaliacións. |

| **Procedementos de avaliación** | **Instrumentos de avaliación** | **Porcentaxes** |
|---|---|---|
| Análise das producións dos alumnos | Caderno de clase.<br>Producións musicais,motrices,orais.<br>Escritas. | 10%<br><br>40%<br>10% |
| Observación  sistemática | Diario clase | 40% |
| | | |

**RELIXIÓN CATÓLICA 4º EP**

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | MÍNIMOS DE CONSECUCIÓN |
|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos crave da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión. | Recoñece os elementos crave da dignidade e a identidade persoal tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión. |
| CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Iglesia, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta. | Valora as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, e asume responsabilidades no coidado das persoas e do planeta. |
| CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo. | Identifica situacións que prexudican ou melloran a convivencia e recoñece accións que favorecen a construción dun mundo máis xusto. |
| CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas. | Identifica algúns dos valores propios do cristianismo para aplicar a cooperación e mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común. |
| CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural. | Recoñece a beleza e o significado relixioso de diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular. |
| CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autocoñecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá. | Identifica as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual. |

| **Procedementos** | **Instrumentos** |
|---|---|
| Análise das producións dos alumnos/as. | Producións orais – 25%<br>Resolución de exercicios – 15%<br>Caderno de clase – 10% |
| Intercambios orais cos alumnos/as | Posta en común – 25% |
| Observación sistemática. | Lista de control/cotexo – 25% |

**Peso na materia**

**1ª Eval. 35%**
**2ª Eval. 35%**
**3ª Eval. 30%**